Arredor de 400 escolares coñecen o Parlamento de Galicia nunha xornada de portas abertas para escolares de infantil e primaria

- **Trátase da segunda edición desta experiencia que complementa o programa de visitas guiada á sede do Lexislativo galego**

- **Santalices anima aos escolares galegos a coñecer o Parlamento e agradece a implicación do profesorado neste tipo de actividades**

Santiago, 26 de abril de 2018.- O Parlamento de Galicia acolle esta mañá unha xornada infantil de portas abertas na que participan arredor de 400 escolares de Educación Infantil e Primaria escolarizados en centros das catro provincias galegas. O escolares foron recibidos polo presidente da Cámara, Miguel Ángel Santalices Vieira.

O presidente do Parlamento deu a benvida ás nenas e nenos e convidounos a participar nas actividades programadas para dar a coñecer as funcións e o traballo da Cámara. Santalices Vieira agradeceu tamén a implicación do profesorado para a realización deste tipo de actividades de divulgación.

Actividades

No Hemiciclo, recibiron explicacións sobre o funcionamento da institución, mentres que noutras dependencias participaron en actividades como quebracabezas ou a visualización de diferente material audiovisual. Os participantes na actividade tamén tiveron ocasión de coñecer unha edición facsimilar, a tamaño real, da Carta Xeométrica de Galicia, elaborada por Domingo Fontán na primeira metade do século XIX. A visita estivo animada polos Bolechas.

Os escolares coñeceron tamén o material didáctico e os xogos dispoñibles na web do Parlamento de Galicia para divulgar o papel do

Departamento de Prensa: Gabinete da Presidencia do Parlamento de Galicia
Tel. 981 551 329 – Fax.: 981 551 400; e-mail: carlos.varela.castineiras@parlamentodegalicia.gal

poder lexislativo galego entre as nenas e nenos de Infantil e Primaria (https://goo.gl/7MRoLi).

A de hoxe é a segunda xornada infantil de portas abertas que acolle o Parlamento de Galicia nesta Lexislatura. A actividade xurdiu para complementar e reforzar o programa de visitas guiadas ao Parlamento de Galicia.

Desde marzo deste ano tamén está en marcha o programa "Coñece as túas institucións", impulsado polo Parlamento e pola Xunta para divulgar o papel das institucións autonómicas e explicar a separación de poderes a estudantado de centros públicos. "Coñece as túas institucións" está dirixido a alumnado de 5º e 6º e primaria e 1º e 2º de ESO. O número de solicitudes de participación neste programa sitúase xa en 115 a día de hoxe.

Saúdos, Gabinete de Comunicación do Parlamento de Galicia.

Departamento de Prensa: Gabinete da Presidencia do Parlamento de Galicia
Tel. 981 551 329 – Fax.: 981 551 400; e-mail: carlos.varela.castineiras@parlamentodegalicia.gal